



## COMENTARIO DE CLISERIES:

Unha cliserie é un gráfico que representa o escalonamento da vexetación en función da altura e orientación dunha montaña ou sistema montañoso. Nela soe representarse a vexetación natural ou climática, eludíndose en grande medida a vexetación antrópica -introducida sobre todo mediante as repoboacións forestais.

As causas do escalonamento en altura están relacionadas coa variable climática da redución da temperatura (gradiente adiabático) nunha media de  $0,6^{\circ}\text{C}$  cada 100 m de altura. A altitude determina tamén a concentración das precipitacións nun tramo determinado da montaña, alí onde a saturación do aire orixina maior cantidade de metoros (choiva, saraiba,...). A partir de determinada altura, a precipitación tende a reducirse ou producirse en forma de neve. Outro factor que determina as variacións de pisos vexetais é o relativo á edafoloxía, sobre todo no que ten que ver coa pendente (a maior pendente, menor profundidade de solo, motivo polo que nas altitudes máis elevadas o grosor do solo é escaso e a posibilidade de medrar os pisos arbóreos redúcese máis.



## CLISERIE DOS PIRENEOS (MONTAÑA ALPINA)



Fonte da imaxe: Kalipedia.

Na cliserie dos Pireneos distinguimos o seguinte escalonamento:

a) Piso basal (ata os 1.000 m): prolongación da vexetación existente nas áreas contiguas, cun lixeiro contraste entre as vertentes setentrionais (umbrías), máis húmidas e nas que florece o bosque caducifolio de carballos -*quercus robur*-, e as meridionais (solleiras), onde progresan os bosques perennifolios de aciñeiras -*quercus ilex*- e matogueiras arbustivas-maquís, garrigas- de carácter mediterráneo.


b) Piso montano (de 1.000 a 1.500 m): o carácter húmido deste piso e o predominio dos solos calcáreos facilitan a abundancia de faias -*fagus sylvatica*- na vertente de umbría; na solleira, a maior sequeidade ambiental facilita a introdución de queixigos -*quercus faginea*- ata niveis onde aparecen os piñeiros -que na parte sur son sobre todo *pinus halepensis*. En todo caso, percíbese o contraste entre un bosque máis higrófilo na vertente setentrional e outro máis xerófilo na vertente meridional.

c) Piso subalpino (de 1.500 a 2.500 m): é o piso de coníferas perennifolias, máis adaptado á humidade e ao frío na vertente de umbría -razón pola cal nesta vertente progresan os abetos ou *abies alba*- e chegan ata maior altura os piñeiros -moitas veces *pinus sylvestris* nesta vertente setentrional. O piso de coníferas chega a menor altura -como consecuencia da maior xerofilia- e é menos variado -con predominio da variedade *pinus halepensis* ou piñeiro mediterráneo- na vertente de solleira.

d) Piso alpino (de 2.500 a 3.000 m): é o piso de matogueira, no que a menor profundidade do solo e a baixada das temperaturas dan lugar a unha vexetación criófila de matogueira (maquís ou garriga segundo sexan solos silíceos ou calcáreos) na que xestas e breixos exemplifican o piso arbustivo, o único que medra nestas condicións de baixa temperatura, rarefacción das precipitacións e escasa profundidade do solo.

e) Piso nival (por enriba dos 3.000 m): piso cuberto permanentemente de neve ou sen solo, coa rocha nai ao descuberto, no que non medra a vexetación. Este piso, característico das montañas alpinas, foi cabeceira dos glaciares en época de glaciación, mais hoxe a reserva nival que atesoura tende a descender por mor do quentamento climático.

## CLISERIE DO TEIDE (MONTAÑA SUBTROPICAL)



Fonte da imaxe: Kalipedia.

Na cliserie do Teide distinguimos o seguinte escalonamento:

a) Piso basal (ata os 1.000 m): prolongación da vexetación existente nas áreas contiguas, con predominio da vexetación xerófila de matogueira (tabaibas e cardóns) endémica da rexión macaronésica, á beira doutras especies arbóreas ben adaptadas á seqedade, de carácter perennifolio e porte arbóreo (as sabinas, pertencentes ao xénero *juniperus*, que progresan ata os 1.000 m de altitude), incluíndo endemismos como o drago canario.

b) Piso montano (de 1.000 a 1.500 m): velaquí o dominio do bosque de lauráceas, húmido e inserto nas vertentes setentrionais das illas canarias de maior altitude, alí onde o mar de nubes aporta, coa permanente afluencia de alisios, unha humidade que permite a densificación dun sotobosque de feitos e a exuberancia dun bosque perennifolio no que os loureiros son árbores ben significadas. Nas vertentes de solleira, onde o mar de nubes non afecta, onde a xerofilia é constante, a laurisilva é substituída polo piñeiro, unha conífera máis resistente á carencia de precipitacións.

c) Piso subalpino (de 1.500 a 2.500 m): é o piso das coníferas canarias endémicas (*pinus canariensis*, dun porte en torno aos 20 m de altura), mellor adaptadas á ausencia de precipitacións.

d) Piso alpino (de 2.500 a 3.000 m): é un piso de temperaturas máis extremas e precipitacións febles, nas que as xestas, os codesos e as violetas do Teide progresan como especies leguminosas.

e) Piso nival (por enriba dos 3.000 m): piso cuberto permanentemente de neve ou sen solo, coa rocha nai ao descuberto, no que non medra a vexetación. Este piso está na estación máis fría cuberto de neve, se ben a acumulación da mesma tende a reducirse por mor do quentamento climático.